

Somos diferentes, somos referentes

Proxecto de innovación educativa en dinamización
lingüística

IES MILLADOIRO

2024/2025



ÍNDICE

1	Introdución	3
1.1	Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	3
1.2	Xustificación do proxecto	4
2	Obxectivos	5
2.1	Obxectivos a curto prazo	5
2.2	Obxectivos a longo prazo	5
3	Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	6
3.1	Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	6
3.2	Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	8
4	Organización, desenvolvemento e metodoloxía	9
5	Xestión e calendario	10
6	Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	12
6.1	Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	12
6.2	Alumnado participante (curso, nivel, número)	13
6.3	Outros membros da comunidade educativa	13
7	Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	13
8	Orzamento. Xustificación e desagregación	14
9	Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	15
10	Medidas de difusión do proxecto	15
10.1	Accións, canles ou vías, medios e formatos	15
10.2	Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)	16
11	Plan de avaliación	16
11.1	Criterios e indicadores para a avaliación	16
11.2	Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	17

1. Introducción

1.1. Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O IES do Milladoiro, situado na localidade do mesmo nome, é un centro que ten unhas características sociolingüísticas moi especiais debido á poboación que acolle. Este é un dos dous institutos do concello de Ames, un concello que medrou como dormitorio da cidade de Santiago e ten como característica destacada o seu enorme crecemento desde a década dos 90 do século pasado.

O proceso de crecemento que experimentou o concello nos últimos anos caracterízase pola procedencia foránea dos seus habitantes. Ames é, polo tanto, un concello no que a maioría da poboación provén doutros lugares de Galicia, pero tamén de fóra de Galicia ou doutro país.

O Milladoiro destaca por acoller un número moi importante de poboación estranxeira. Polo tanto, este centro conta cun número de alumnado migrante que gotea continuamente. Temos rapazada procedente de 20 nacionalidades, a maioría son de 12 países diferentes de América do sur, sendo predominantes as comunidades brasileira, dominicana e venezolana. Tamén hai alumnado chegado dalgún país europeo ou africano. O centro comezou cun programa de inmersión en linguas, no que o alumnado estranxeiro recibía aulas de lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa, segundo as necesidades, mais quedou interrompido pola pandemia e xa non se retomou. Neste momento parece que segue a ser imposible volver a el pola falta de profesorado; este feito supón un problema importante para a adquisición da lingua galega entre esta poboación que sofre inmersión unicamente en castelán, lingua ambiental do Milladoiro. Ademais temos un número de poboación importante cun descoñecemento básico da nosa cultura, feito que tamén determina o deseño deste proxecto de innovación.

Alén disto, cómpre ter presente que a poboación do Milladoiro, aínda tendo orixe galega, non ten raíces na vila. Tal e como se dicía arriba, O Milladoiro é unha poboación que medrou de xeito exponencial a partir dos anos 90 do século pasado, mais non só con persoas chegadas de fóra de Galicia, senón con xente de todas as partes de Galicia que normalmente traballaba en Santiago e que podía acceder a unha vivenda máis barata nesta localidade. Esta poboación continúa a ir aos seus concellos de orixe nas fins de semana e non hai sentimento de pertenza ao lugar, feito que nos levou a entender a importancia dos centros de ensino como elementos vertebradores das relacións sociais e da divulgación da nosa cultura dentro da localidade.

Por outro lado, ao ser esta unha localidade fundamentalmente urbana e que, en moitos aspectos, funciona como a periferia de Santiago de Compostela, mesmo o alumnado galego vive nun ambiente especialmente castelanizado. O centro, pola súa diversidade e pola súa complexidade, non estaba sendo até o momento unha influencia suficientemente forte como fonte de galeguización. Ao contrario, en moitas ocasións até o alumnado galegofalante cede á presión do ambiente castelanizado do instituto. Por estes motivos, facíase necesario un proxecto específico que revertese estas tendencias ao mesmo tempo que mostraba o valor da diversidade nun centro coma o noso.

1.2 Xustificación do proxecto

No IES do Milladoiro, onde conviven estudantes de 20 nacionalidades distintas, a diversidade cultural é un dos maiores recursos e fortalezas que posuímos. No entanto, tamén é esencial que o alumnado se sinta integrado, respectado e apoderado, especialmente aqueles que proveñen de contextos diferentes e que se atopan nun proceso de adaptación á nosa lingua e cultura. A diversidade, lonxe de ser unha debilidade, é unha grande oportunidade de aprendizaxe mutua e enriquecemento colectivo.

O proxecto de innovación lingüística «Somos diferentes, somos referentes» nace do Equipo de Dinamización Lingüística co obxectivo de lle ofrecer ao alumnado, especialmente ao que chega ao centro desde outros países, unha ferramenta de acollida que, ao mesmo tempo, lles permita aproximarse á lingua galega de maneira amábel, respectuosa e inclusiva. A través desta ferramenta, o alumnado que vén ao centro pode ser tamén un foco irradiador para a súa familia e a súa contorna, de forma que as actividades desenvolvidas no centro repercutan tamén no resto da comunidade.

Ao longo deste proxecto, o alumnado terá a oportunidade de coñecer e crear contidos audiovisuais sobre referentes motivadores que reúnan valores como o esforzo, o respecto pola multiculturalidade, a defensa da lingua galega, a ecoloxía, o feminismo e a xustiza social.

Escollemos un lema como un paraugas onde se abrigan todas as diversidades do centro que queremos salientar. O lema «Somos diferentes, somos referentes» reflicte a idea de que cada un dos/as nosos/as estudantes, coas súas particularidades culturais, lingüísticas e persoais, ten algo valioso que lle achegar á comunidade. A diversidade cultural non só é unha fonte de riqueza, senón tamén un espazo para compartir experiencias e aprender uns dos outros.

2. Obxectivos

2.1 Obxectivos a curto prazo

1. **Fomentar a integración e o sentimento de pertenza** no alumnado de diferentes orixes culturais, promovendo a aceptación e o respecto mutuo e a valoración da lingua propia como unha forma de mellorar as relacións sociais no lugar de acollida.
2. **Achegar o alumnado ao galego de maneira amábel e motivadora**, dende un enfoque inclusivo, que respecta a súa diversidade lingüística.
3. **Promover a creación de contidos audiovisuais** que sirvan para visibilizar modelos de éxito que combinen os valores de esforzo, ecoloxía, xustiza social, feminismo e, especialmente, o amor pola lingua galega.
4. **Fomentar o galego oral**, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente, tanto dentro da aula como nas relacións con toda a comunidade educativa, e favorecer a transmisión interxeracional.
5. **Valorar as producións artísticas** como un elemento fundamental da cultura.

2.2 Obxectivos a longo prazo

6. **Mellorar a valoración** do uso do galego como ferramenta de comunicación, integración e identidade que axude a aumentar a autoestima do alumnado galegofalante e sexa unha motivación para quen non usa o galego habitualmente.
7. **Reforzar a conexión do estudantado cos seus referentes culturais e lingüísticos**, ao tempo que se fomenta a identidade galega como parte dun mundo diverso e global.

3. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

3.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1,2,3	<p data-bbox="488 629 1356 663">1. Acollida e Introducción á Diversidade Cultural e Lingüística.</p> <p data-bbox="536 719 1356 1048">O proxecto comezará cunha serie de actividades e dinámicas de acollida para os estudantes de orixe estranxeira, nas que se lles dará a coñecer a importancia da diversidade e a riqueza cultural de cada un. Ao mesmo tempo, introduciremos a lingua galega de forma sinxela e amigable, a través de actividades de recepción lingüística que inclúan xogos, cancións e pequenos proxectos colectivos.</p> <p data-bbox="488 1111 983 1144">2. Mediación lingüística e cultural.</p> <p data-bbox="536 1200 1356 1675">A través dun proxecto de voluntariado lingüístico, todo o alumnado estranxeiro que se incorpore ao centro durante o curso ou que leve pouco tempo no mesmo, será acompañado durante algún recreo á semana para axudalos a ir adquirindo a lingua galega e coñecendo a cultura e dinámica do centro e da contorna. Esta actividade acabará sendo reflectida nun programa de radio onde se convidará ao alumnado estranxeiro a contar como foi a súa experiencia e, mesmo, á familia do mesmo para coñecer a percepción que se ten desde as casas deste programa.</p>
2,4,5	<p data-bbox="488 1809 831 1843">1. Difusión de contidos</p> <p data-bbox="536 1899 1356 1977">Organizaremos actividades de difusión nos que os estudantes poidan compartir o traballo feito coa comunidade educativa. As</p>

	<p>proxeccións levaranse a cabo en eventos escolares, nas redes sociais do centro, na nosa páxina web e na prensa. Tamén poderán organizarse debates ou mesas redondas nas que os estudantes, guiados polo profesorado, analicen os valores de cada referente e como estes se conectan cos retos sociais actuais, especialmente no que respecta á lingua galega e á multiculturalidade.</p>
<p>3,5</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creación de Contidos Audiovisuais O alumnado dividirase en equipos para producir vídeos curtos, documentais ou presentacións audiovisuais que narren as historias de éxito e compromiso social de os referentes seleccionados. Durante este proceso, empregaranse ferramentas dixitais que lles permitirán mellorar as súas habilidades en produción audiovisual e tamén en comunicación en galego. 2. Selección de Referentes Motivadores e Identificación de Valores Comúns O alumnado, traballando en grupos multiculturais, investigará sobre figuras públicas que, ademais de destacar nas súas respectivas áreas (música, deporte, arte, etc.), representen os valores que queremos transmitir: esforzo, xustiza social, ecoloxía, feminismo, e defensa da lingua galega. Referentes internacionais como Ara Malikian, Manu Chao ou Amaparanoia, entre outros, serán exemplos clave neste proceso. O alumnado tamén terá a oportunidade de suxerir outros referentes que consideren inspiradores. A proposta é tentar contactar con estas persoas para que realicen un vídeo contestando a unha serie de preguntas sobre o proxecto.
<p>6</p>	<p>Todas as actividades propostas.</p>

7	<p>1. Reflexión e Empoderamento Colectivo</p> <p>O proxecto finalizará cunha serie de actividades de reflexión, onde o alumnado poderá expresar as súas emocións e experiencias respecto á integración lingüística e cultural. O obxectivo é que cada estudante se vexa como un referente dentro da súa propia comunidade, coidando e promovendo o uso do galego como parte da súa identidade.</p>
---	---

3.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

O obxectivo principal do proxecto é crear unha cultura do centro que poña en primeiro plano a importancia da diversidade na propia identidade escolar e da contorna. Mais, sobre todo, é que nesa cultura da diversidade se entenda o papel fundamental da lingua e cultura propia como elemento de unión. Partindo, entón, da idiosincrasia da lingua e a cultura galega, abrazamos a diversidade e tomámola como fonte de crecemento, aprendizaxe e enriquecemento persoal.

Neste sentido, tanto os produtos creados a partir deste proxecto como as dinámicas de traballo están pensadas para permanecer no tempo, xa que o contexto social do Milladoiro (e do mundo) non parece que vaia mudar no curto nin no medio prazo. Como actuacións a longo prazo, propoñemos entón:

- Utilizar os produtos audiovisuais creados durante este curso como ferramentas de traballo e aprendizaxe nos cursos seguintes.
- Seguir creando, en cursos posteriores, produtos audiovisuais que prioricen a diversidade e que usen a lingua galega como lingua vehicular, dando seguimento a este proxecto.
- Manter a dinámica de acollemento ao alumnado estranxeiro nos cursos seguintes, convertendo esta práctica nun dos sinais de identidade do noso centro, baixo o lema `Somos diferentes, somos referentes`.

4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O proxecto está deseñado para ser desenvolvido durante o curso académico 2024/2025, mais con vontade de continuidade. Durante o curso actual, preténdese darlles forma e realizar algunhas actividades de diferente impacto, pero con suficiente entidade para

que xere unha inercia continuadora que poida seguirse desenvolvendo en cursos posteriores.

As propostas partirán do EDLG sempre tratando de involucrar o maior número de departamentos posibles, de forma que o alcance das actividades sexa transversal a todo o centro e, mesmo, á contorna.

A metodoloxía será participativa, inclusiva e orientada ao traballo en equipo, promovendo a colaboración entre o estudiantado de diferentes orixes para que se sinta protagonista do proceso de creación.

As principais estratexias pedagóxicas serán:

- **Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP):** O alumnado traballará en grupos para investigar, crear e presentar os seus proxectos. Cada grupo terá liberdade para desenvolver as súas ideas e propostas. O alumnado será responsable de todas as etapas do proxecto, dende a investigación e selección dos referentes ata a creación e difusión dos contidos audiovisuais.
- **Aprendizaxe cooperativa:** Fomentarase a colaboración entre estudantes de distintas orixes, que se enriquecerán mutuamente coas súas experiencias e coñecementos. As actividades estarán deseñadas para fomentar a cooperación e o traballo en equipo, promovendo a igualdade e a integración entre os estudantes de diferentes orixes culturais.
- **Enfoque comunicativo na aprendizaxe da lingua galega:** A utilización de galego nas actividades será fluída e natural, sen forzar a adquisición da lingua, senón como unha ferramenta de expresión e comunicación que se integra de forma respectuosa e inclusiva.
- **Uso das TIC:** As novas tecnoloxías serán un eixe fundamental para a creación e difusión dos contidos audiovisuais, facilitando o proceso creativo e mellorando a implicación do alumnado. O alumnado terá acceso a recursos e ferramentas tecnolóxicas para a creación de vídeos, animacións e outros materiais audiovisuais.

5. Xestión e calendario

O calendario que imos expor pode sufrir pequenas modificacións derivadas do habitual funcionamento dos centros ou por outras causas alleas á nosa vontade; mais, en principio, o cronograma xeral ten a seguinte distribución:

1º trimestre

- Reunións do equipo para deseñar e planificar actividades.
- Localización do alumnado procedente do estranxeiro e outras comunidades non galegofalantes.
- Publicidade no IES do proxecto para captar alumnado interesado na súa participación.
- Incorporación ao equipo do alumnado autóctono disposto a colaborar activamente.
- Distribución do alumnado en distintos grupos para realizar as distintas actividades ao longo do curso.
- Posta en contacto do alumnado que participará no voluntariado lingüístico co alumnado non galegofalante para comezar cos “Recreos con lingua”.
- Comezan as gravacións de distintos *podcast* de radio.
- Colaboración co Festival da Maré en Santiago de Compostela, para incorporar o contacto coa lusofonía de forma natural.
- Gravacións dos primeiros vídeos dos nosos referentes falando sobre a diversidade (artistas galegos/as e da lusofonía).
- Preparativos e organización da Grande festa da luz.
- Preparación da gala Foliada solidaria con Palestina.

2º trimestre

- Posta en escena da gala Foliada solidaria con Palestina.
- Participación no proxecto Modo galego, actívao, con especial atención á inclusión e acompañamento do alumnado estranxeiro.
- Gravación de *podcast* iniciais dos non galegofalantes para ver as condicións das que parten.
- Participación na gala Día de Rosalía organizada polo concello de Ames cunha perspectiva inclusiva e de xénero.

- Gravación de diferentes *podcast* para chegar estes novos residentes á cultura e lingua galegas.
- Deseño por parte do alumnado de distintos pósteres, dípticos e carteis.
- Gravación, edición e publicación de vídeos, documentais e presentacións programadas.
- Conmemoración do pasamento de Castelao:
 - Gravación en *podcast* de *Memorias dun esquelete* e *Un ollo de vidro*.
 - Concurso Castelao vive, no que o alumnado actualizará viñetas de Castelao da súa escolla.
- Entroido intercultural “Sabores e saberes do mundo”.

3º trimestre

- Gravación de distintos *podcast* que recollan a evolución dos neofalantes.
- Concurso de debuxo “Somos diferentes, somos referentes”, no que o alumnado plasmará a súa visión do proxecto mediante distintas artes gráficas co fin de que o deseño seleccionado sexa pintado por un profesional nunha parede do centro.
- Conmemoración do Día das Letras Galegas con especial atención ao uso oral da lingua.
- Semana Intercultural.
- Recopilación, publicación e exposición de todo o material elaborado.

6. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

6.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

Profesor/a	Funcións	Tarefas
Raquel Miragaya Rodríguez	Coordinadora do ENDL	Coordinación das actividades propostas. Facilitar a comunicación entre os membros do equipo así como cos distintos departamentos didácticos e entidades externas. Convocar e moderar reunións

		para revisar o progreso das distintas actividades.
Manuel Maseda Deán	Coordinador de actividades audiovisuais.	Dirixir, coordinar e supervisar ao alumnado nos proxectos audiovisuais a realizar.
Milagros Diéguez Taboada	Seguimiento e supervisión do proxecto.	Difundir e publicitar os resultado das actividades realizadas. Facer o seguimento e avaliación final do proxecto así como un estudo estatístico do impacto real que tivo o proxecto na comunidade educativa.
Carla Mara Nepomuceno Ferreira	Docente	Difundir e dinamizar as actividades relacionadas co contacto coa lusofonía.

Ademais deste profesorado, nas diferentes actividades que se van deseñando e realizando participa unha parte moi significativa do claustro, mesmo que non teña unha función específica.

6.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

Curso	Nivel	Número
1º	ESO	24
2º	ESO	37
3º	ESO	40
4º	ESO	25
1º	Bacharelato	22
2º	Bacharelato	17

Este é o alumnado que participa de forma máis directa no deseño e execución das actividades, pero estas van dirixidas ao conxunto da comunidade educativa.

6.3 Outros membros da comunidade educativa

Neste proxecto, ademais de case todo o profesorado, está implicada a totalidade da comunidade educativa, tanto o persoal non docente do IES do Milladoiro coma as familias.

Este curso temos especial interese en que as familias se involucren, ben colaborando activamente coa participación nalgunha das actividades ou, polo menos, achegándonos a súa visión crítica e ideas para a mellora dos traballos desenvolvidos ou proporcionándonos información sobre a repercusión do proxecto nos seus fillos e fillas respecto da lingua.

7. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Para o desenvolvemento do proxecto contaremos con recursos que pasamos a enumerar:

- Equipos informáticos habilitados co software preciso para o tratamento e edición de produtos audiovisuais.
- Estudio de radio equipado cos instrumentos e software preciso para a gravación e edición de audios e *podcast*.
- Cámara de vídeo ou Ipad para gravación.
- Materiais (pvc, cartón pluma, cartolina ou papel) para a impresión de carteis, dípticos, pósteres...
- Ferramentas de debuxo e manualidades para aquel alumnado que ten habilidade nas artes plásticas e prefira facer de xeito manual produtos orixinais para publicitar ou mostrar os resultados das actividades desenvolvidas.
- Gostaríamos de poder contar con recursos para que un profesional realice un mural nunha parede do centro que reflicta o espírito deste proxecto e que quede de testemuña do seguro bo facer da nosa rapazada.

8. Orzamento. Xustificación e desagregación

Dado que o centro xa conta cunha emisora de radio en funcionamento e dúas aulas de informática que poderíamos usar en ocasións, o custo estimado para este proxecto

redúcese ao estritamente necesario para desenvolver as distintas actividades cun mínimo de calidade, para o que consideramos imprescindible dispor de

Cámara de vídeo ou Ipad para a gravación	600 €
Estabilizador intelixente Osmo, pinza magnética e trípode	159,95 €
Impresión de cartelería e trípticos	350 €
Material de debuxo e manualidades	58 €
Pintura de mural nunha pequena parede do centro	600 €
Revista monográfica <i>Somos diferentes, somos referentes</i> sobre as migracións e o fenómeno intercultural no Milladoiro coa acollida lingüística como feito diferenciador	1.800 €
Concerto musical de Mondra dentro do proxecto	1.200 €
Certame-Gala de recoñecemento de dúas persoas que sexan referentes do proxecto	1.500 €
TOTAL	6.267,95

9. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Como vimos facendo dende hai anos, pretendemos seguir cunha estreita colaboración co concello de Ames, tanto a través das actividades que o propio concello organiza para a difusión do galego no centro como a través da coorganización ou a difusión das actividades que facemos no centro nas instalacións do concello, como pode ser a Casa da Cultura.

Por outro lado, colaborarase tamén con ONG e asociacións que actúan no ámbito próximo a nós, en concreto, con Pallas@s sen Fronteiras, o Festival Cantos na Maré, e de forma moi especial, co Centro de Educación Especial Manuel López Navalón para crear unha rede de colaboración intercentros que fomente e visibilice a diversidade e a inclusión, promovendo o respecto, a integración e a posta en valor das diferenzas como referencias.

Esta **colaboración co CEE Manuel López Navalón** ten deseñadas unha serie de actividades propias que promoven un modelo de educación máis inclusivo, baseado na empatía, na colaboración e no respecto polas diferenzas. Darlle visibilidade á diversidade cultural e persoal non só enriquece ao alumnado, senón que tamén fortalece toda a comunidade educativa, fomentando unha sociedade máis igualitaria e comprometida coa inclusión. A aprendizaxe que se extrae destas experiencias

transcende o ámbito académico, pois permite desenvolver valores esenciais como a solidariedade, a tolerancia e a cooperación entre iguais. As actividades deseñadas son as seguintes:

1. Visitas guiadas a cada un dos centros polo propio alumnado a través das titorías entre iguais de primeiro e terceiro da ESO.
2. Interaccións culturais entre o alumnado.
3. Programa de radio intercentros.
4. Colaboración na 1ª Semana Intercultural do IES do Milladoiro.
5. Deseño e realización do agasallo institucional por parte do alumnado do CEE Manuel López Navalón.
6. Figura orixinal en cerámica para a Gala-Recoñecemento Somos Diferentes, Somos Referentes.

10. Medidas de difusión do proxecto

10.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

A principal vía de difusión do traballo realizado será, como é de esperar, a propia páxina [web](#) do centro. Esta deberá ser a ferramenta principal, polo seu carácter institucional. É, ademais, a principal xanela do centro para o mundo, cun público consolidado, sobre todo, entre a comunidade educativa, mais non só.

A maiores está programado elaborar unha revista divulgativa do proxecto, un concerto de Mondra e unha gala-certame aberta a toda a comunidade educativa de recoñecemento a dúas persoas referentes dentro da Semana Intercultural do Centro.

Outras canles de comunicación serán as diferentes webs e blogs onde habitualmente se publicitan as actividades do IES Milladoiro:

- Canal do centro no [Youtube](#), onde xa están publicados parte dos vídeos creados dentro do proxecto:
 - [Con Faia, A Pedreira e Uxía.](#)
 - [Con Carlos Blanco.](#)
 - [Con Fred Martins.](#)
 - [Con Ara Malikian.](#)
- [Blog](#) do EDLG.
- [Blog](#) de actividades extraescolares e complementarias.

Por outro lado, tendo en conta que o alumnado ten unha forma de comunicación e divulgación que se centra, fundamentalmente, no uso das redes sociais, usaremos tamén as redes do EDLG para a difusión do proxecto.

- [Instagram](#)
- [Tiktok](#)

A pesar de que a comunicación online deberá ser unha vía prioritaria de divulgación, non esqueceremos as canles máis tradicionais, e enviarase información á prensa convencional para que poida facerse eco das actividades máis importantes, como xa o ten feito durante este curso nos seguintes eventos:

- Foliada solidaria con Palestina: [Correo Galego](#) e [Voz de Galicia](#).
- A Grande Festa da Luz: [RTVE](#) en Galicia, [Voz de Galicia](#), [Correo Galego](#), [Cope](#).

10.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

O alcance deste proxecto podería variar en función de diferentes factores, mais a nosa pretensión e esperanza ao poñelo en marcha é que chegue a todos os recunchos da nosa contorna máis próxima e que sexa un referente para toda Galicia como espazo de boas prácticas que desexa ser expansivo. Un traballo cooperativo para tecer redes de comunicación entre centros que teñen situacións similares de acollida de persoas migrantes e que precisamos acoller lingüisticamente de xeito coordinado, coidado e con respecto.

No centro educativo non dubidamos da forte repercusión que vai ter, dada a experiencia previa con outros proxectos similares. Tampouco dubidamos de que transcenda do noso ámbito cara á contorna máis próxima pola predisposición a colaborar, como adoitan facer, as familias e entidades locais, como xa ten acontecido nalgunhas das actividades que foron postas en marcha, como a Foliada solidaria con Palestina ou A Grande Festa da Luz (como quedou recollido na prensa escrita e audiovisual).

Pero, ademais, a ilusión coa que poñemos en marcha este proxecto lévanos a ambicionar que poida chegar a ser un modelo para outros centros educativos que compartan a nosa idiosincrasia, mesmo consideramos que se adaptaría moi ben a centros educativos nos que se estuda a nosa lingua, localizados fóra de Galicia.

11. Plan de avaliación

11.1 Criterios e indicadores para a avaliación

- Participación do alumnado: mediremos o alcance do proxecto nun primeiro momento cun criterio cuantitativo, entendendo que canto maior sexa o número de alumnado que participase nas actividades de voluntariado e acollemento, maior alcance terá o primeiro obxectivo.
- Participación das familias nas actividades deseñadas con ese obxectivo: este será tamén un criterio cuantitativo, na mesma liña que o anterior.
- Aproximación e uso da lingua galega: un dos principais obxectivos do proxecto é que o alumnado estranxeiro e neofalante poida ter contacto de forma habitual co galego. Para avaliar a consecución deste obxectivo deseñarase unha enquisa de valoración na que os participantes responderán sobre o seu contacto coa lingua.
- Integración no centro: para valorar a consecución deste obxectivo farase un seguimento do alumnado de nova incorporación para comprobar en que medida participa na vida do centro e establece vínculos co resto da comunidade educativa.

Os instrumentos que usaremos para a avaliación do proxecto serán:

- Observación e cuantificación do alumnado participante.
- Entrevistas persoais.
- Enquisa de valoración.
- Produtos elaborados a través das diferentes actividades (programas de radio, carteis, exposicións, vídeos...)

11.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

- **Apoderamento do alumnado:** A través da creación de contidos e a investigación sobre modelos inspiradores, o alumnado desenvolverá un maior sentimento de autoestima e pertenza á comunidade educativa.
- **Incorporación do galego de forma natural e respectuosa:** O alumnado de orixe estranxeira poderá achegarse ao galego de forma amábel e progresiva, superando barreiras lingüísticas sen renunciar á súa identidade.
- **Fortalecemento da identidade galega nun contexto multicultural:** O proxecto visibilizará a lingua galega como un eixe fundamental na construción dunha sociedade máis xusta e inclusiva.

- **Fomento da inclusión e da integración:** O traballo cooperativo e a reflexión sobre os valores de cada referente cultural promoverán a aceptación e o respecto mutuo entre os estudantes de diferentes orixes.

Somos diferentes, somos referentes é un proxecto de innovación lingüística que ten como obxectivo non só mellorar a integración e a aprendizaxe do galego entre o alumnado de orixe estranxeira, senón tamén darlle visibilidade e celebrar a diversidade cultural e lingüística do noso centro educativo. A través da creación de contidos audiovisuais, o alumnado terá a oportunidade de identificar e promover os valores de esforzo, xustiza social, feminismo, ecoloxía e respecto pola diversidade, á vez que fortalecerá o seu vínculo coa lingua galega como unha ferramenta de expresión e identidade.

Un proxecto educativo que non só promoverá a integración e o apoderamento do alumnado, senón que tamén fomentará unha comunidade educativa máis inclusiva, na que a diversidade sexa vista como unha forza que enriquece a toda a comunidade.

Coa forza do audiovisual e a inspiración de modelos públicos cómplices e achegados ao proxecto como **Uxía Senlle, Ugia Pedreira, Guadi Galego, Carlos Blanco, Touriñán** ou referentes máis internacionais como **Ara Malikian e Manu Chao**, o proxecto buscará transmitirle ao alumnado que, sen importar as súas orixes, todos e todas teñen a capacidade de ser referentes e de contribuír con algo valioso á sociedade.